



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 27 de xaneiro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

2.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 20.07.15, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN FUNDACIÓNS, EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS - (IFEVI).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Excmo. Alcalde, do 27.01.16, que di o seguinte:

Con data 20/07/2015, a Xunta de Goberno Local acordou designar como representante municipal no Padroado e no comité Executivo do Instituto Feiral de Vigo" IFEVI, o seu alcalde, D. Abel Caballero Álvarez.

Por cuestión organizativas resulta necesario proceder á modificación do dito acordo, polo que de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación "Instituto Feiral de Vigo" (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do concelleiro-delegado de Xestión Municipal D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, ao Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), e dar publicidade do mesmo a través do Portal de Transparencia do Concello de Vigo e así mesmo ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que realice. O presente acordo entrará en vigor dende a data da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de xaneiro do ano dous mil dezaseis.

MXLP/me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

